

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

PRESENTACIÓN EN TOULOUSE

Manuel Rivas segue colleitando éxitos en Francia

A popularidade da tradución de 'Os libros arden mal', finalista do Premio Médicis, aumenta o interese polo autor galego.

Redacción - 11:45 03/11/2008

Manuel Rivas presentou onte na librería Ombres Blanches de Toulouse a edición en francés de *Os libros arden mal*, [L'éclat dans l'abîme](#), publicado na prestixiosa editorial [Gallimard](#). Rivas falou da súa obra, do seu último libro e de súa concepción da literatura e os lazos entre xéneros literarios ante o numeroso público asistente, e evocou os seus inicios no mundo xornalístico.

Este encontro, organizado pola propia librería en colaboración con Instituto Cervantes, Casa de Galicia de Toulouse e o profesor Jean Croizat-Viallet, serviu aos asistentes para achegarse un pouco mais á obra literaria de Manuel Rivas, escritor coñecido en Francia principalmente pola tradución de *O lapis do carpinteiro* e de *A lingua das bolboretas* e as adaptacións cinematográficas das devanditas obras, ademais de polo seu traballo periodístico en diversos medios de comunicación.

L'éclat dans l'abîme é unha das 15 obras en lingua estranxeira incluídas na selección do Premio Médicis no seu 50º aniversario. No seu artigo deste luns en Faro de Vigo, [Xosé Luís Méndez Ferrín escribe](#) que "Galicia débelle unha homenaxe de masas a Manuel Rivas por dúas razóns principais (...) O clube financeiro de Vigo, para quen o galego é perxudicaíl para os negocios, debería reparar en que ningún libro escrito en castelán foi escolleito para o Medicis".

Novas relacionadas

- [Os libros 'arden ben' en Francia](#)